

5 X A N E I R O D O 2 0 0 6 - N Ú M E R O 6 0 1

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



NENOS DE CHIAPAS



Como escribir o libro da historia

O pasado un de xaneiro, coincidindo co aniversario do levantamento zapatista en Chiapas, o líder deste movemento, o subcomandante Marcos, iniciou un percorrido de seis meses que o levará por todo México para crear, baixo o lema “A outra campaña”, unha corrente crítica de esquerda no país. Con esta campaña, Marcos e o Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) culminan un longo proceso de paciente negociación cos sucesivos gobernos mexicanos pero, sobre todo, ensaian unha estratexia de apertura e reconciliación que garanta o futuro das comunidades de base zapatistas. E é que, desde o levantamento de 1994, o zapatismo logrou converterse nunha opción de porvir para os miles e miles de indíxenas que vivían na selva e que agora, pasados once anos, acadaron xa un significativo nivel de dignidade, tanto económica como social, cultural e política. O zapatismo precisa agora dar outro gran salto e os protagonistas dese acontecemento serán, sen dúbida ningunha, os nenos. Canda eses nenos conviviu o pasado setembro a Caravana galega de Solidariedade con Chiapas –impulsada polo Festiclow– e as páxinas que a continuación encontraredes son a crónica desa experiencia. É o particular galanodereis que Revista das Letras lles dá aos fillos da república revolucionaria.

1

A Caravana Solidaria de Galicia con Chiapas chega a Palenque o seis de setembro do 2005. Iván, Roxo, Sandra, Gerardo, Candela, Huesito, Xavi e mais eu, alcumado O Comanche. Pallasos, malabaristas, dinamizadores culturais, performers... A nosa equipaxe abasta para encher unha "redila", nome que reciben as camionetas de transporte público administradas polas cooperativas. Os zapatistas teñen redilas propias, recoñecibles pola estrela vermella que alostra na porta do conductor. Montamos nela e acomodamos o "avó", un enorme baúl de plástico ateigado co instrumental dos pallasos: manoplas de ogró, antorchas, bólas, puchos, traxes, xogos, valdes, o pano, a cadeira plegable do excepcional número da Cadeira Voadora, os zapatóns... Todo o necesario para arrincarles aos nenos zapatistas un presado de sorrisos na xira que nos levará polo Caracol V de Roberto Barrios, "o caracol que fala para todos" na clave heroica do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN). O espectáculo titularase *Os magos galegos* e a ruta que seguiremos márcanola a Junta del Buen Gobierno zapatista polo mapa remoto das comunidades de base: León Brindis, Antioquía, Flor de Chiapas, Colonia Lacandón, Pancho Villa, Venustiano Carranza, Babilonia III e Victórico Grajales. Ao cabo de dez días de viaxe, levaremos no macuto o recordo imborrable de centos de rapaces que nos ensinarán como escriben os indíxenas no Libro da Historia.

2

Nenos pequenísimos, con braciños tan delgados como talos de millo. Nenos cos ollos á espreita, dispostos sempre a coller unha pedra e lanzala: directamente á fronte, no medio e medio, ou a un ollo para deixarte chosco. Nenos con medo –un medo aterrador e herdado– que é unha especie de desolación na vaíña inxel da infancia. Medo inminente: na súa memoria hai sangue: o que verteron os rebeldes e o que pode abrollarles –en calquera momento– dos seus peitos espidos, dos seus pés descalzos, da palabra dignidade e da palabra revolución. Nenos que aprenderon a dar un rodeo no camiño para non torcerse da ruta. Que saben as sendas secretas da selva polas que non transitan os homes do machete. Que non se atreven a andar de noite. Que dormen cun ollo aberto esperando que a súa casa arda e os avións orballen con veneno os milleirais, como fixeron os soldados hai uns anos coa perversa intención de matalos de fame. Nenos que non poden separarse de nós e que dormen aos nosos pés para espantar os pesadelos. Nenos que falan coas árbores



e os ríos. Que se mergullan nas augas como peixes escintilantes. Que cruzan dunha ribeira á outra en lianas e regresan cunha froita exótica nos dentes. Nenos marcados polas cicatrices da enfermidade, lisiados, aburados do sarampelo e as picadas das serpes, que nos saen ao camiño rindo para que os collamos no aire e os fagamos voar. Máis alto. Máis alto. Até que a vertixe nos dea pánico e choremos. Nenos que naceron no desterro do mundo e agora se senten centro do universo. Nenos que poden facerse invisibles e reaparecer, de repente, cunhas papas de millo tenro –o atole– para sandar as nosas feridas.

3

Iván Prado comeza a súa transformación inchando o pescozo e sacudindo a cabeza. Logo convértese nun auténtico "guajalote", o sabroso pavo das celebracións tchol, e a súa gorxa emite os estridentes chíos telegráficos do "guajalote". Así é como Iván se anuncia, unha bucina da Caravana Solidaria que os rapaces zapatistas identifican tras varios anos de visitas ininterrompidas. En Venustiano Carranza – unha comunidade nas montañas de Palenque, cerca da cidade sagrada dos maias– é oír o "guajalote" a un quilómetro de distancia e os rapaces botar a correr, monte abaixo, co sorriso estirándolles os dentes como se fosen de plastilina. Detense a redila no medio da aldea, Iván salta ao medio dos rapaces e os rapaces quedan presos do nervosismo. O gran pallaso, "loconuc", o "pescozo tolo", está de novo alí e a súa soa presenza confírmalles que o mundo non os esquece, que seguen formando parte del. Arrástrannos ao río e tíramonos todos xuntos nunha ferverza a cachón. Somergullos. Pinchacarneiros. Cancións e máis "guajalote", que os nenos queren asistir unha vez máis á maxia do pavo que a Iván lle aniñou na gorxa. A súa curiosidade é incansable. ¿De onde vides? ¿Tedes pavos no voso país? ¿Tedes porcós? ¿Hai Sol no voso país? ¿Como é o mar? ¿É tan azul como din? ¿É tan grande? ¿Ides á escola? ¿Hai enfermidades no voso país? ¿Hai guerra? Eles, a cambio das nosas respostas, cóllennos da man e lévannos ao cimo dun rochedo: "O Sol chámase *quing*. *Pa* é o río. *Ha* a auga. De noite, saen as *eeg* para acompañar a *uh*, estrelas e Lúa unidas para guiarnos na escuridade".

4

Gasparito ten oito anos e unha mirada de lagoa profunda, verde, chea de caracois doces. É o tocaio de don Gaspar, o menciñeiro da comunidade de Antioquía, que o elixiu nada máis nacer para ser o





albacea dos seus coñecementos botánicos e astrais. Antioquía queda ao último dunha pista de lama, cerca xa da fronteira de Balancán, onde sobreviven os últimos bosques de ceibas, a árbore sagrada dos maias. Mentres instalamos a carpa dos pallasos, Gasparito e o seu irmán Miguel ralban por unha ceiba arriba como se fosen "zaraguatos", o mono que estremece as noites cos seus chíos. Atrás van o resto dos rapaces da comunidade, Luís, Cristóbal, Ezequiel, Amón, Roberto, Manuel... Tamén as rapazas, Sandra, Olga, Rosabel e Micaela co seu irmán pequeno arreboxado nun pano. Parece imposible que Micaela, a penas unha diminuta vara de elástico vimbio, poida moverse polo toro arriba con aquela axilidade e co rapaz ao carrelo, pero agatuña até empolicarse nunha rama e senta nela. Entón, volve o neno ao seu peito e ofrécelle a vista panorámica da primeira fila. Ensínalle toda aquela xente os observa -nós- ananiños como formigas. "¿Cantos anos tés, bonita", pregúntalle Sandra cando a rapaza baixa. "Oito", contesta. Gasparito, mirada de lagoa profunda, dáme unha cobadela, "ten catorce anos pero non o sabe. Pasou moita fame. Por favor, non a espertes".

5

Jesús é o primeiro membro da súa familia que sabe ler. Ten oito anos. A súa vontade de aprender non ten cese. Le unha tarde enteira nun libro que levamos, aínda que non sabe o que le, pois o noso libro está en galego e el nin sequera se expresa comodamente en castelán. Pero le e le e le e síntese grande. Desde hai uns meses, teñen escola en Flor de Chiapas, a súa comunidade. Unha escola pequena con teito vexetal, moi distinta da escola oficial que hai uns metros máis alá, de cemento, con pista de baloncesto. Os nenos zapatistas, non van á escola oficial, onde ensinan unha historia escrita por outros con feitos que, en realidade, non lles pertencen. Pero na súa escola de teito vexetal, eles constrúen a súa propia historia, silenciada desde hai cincocentos anos. Esa é a historia que os nenos zapatistas queren escribir. "No libro branco do capitalismo", din, "nós escribimos Democracia e Liberdade en Tchol, en Tzotzil, en Man, en Tojolabal e en Tzeltalt". Non queren emigrar e pasar a engrosar as grandes masas de marxinaos de México D.F. ou de máis alá, das cidades de Estados Unidos, onde oíron dicir que os cartos corren coa mesma facilidade coa que os mortos aparecen nas esquinas. Eles querenlle falar de ti a ti ao mundo sen saír da súa terra. Falarlles en Tchol, en Tzotzil, en Man, en Tojolabal, en Tzeltalt... E que o mundo os entenda.





Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto de portada: Antón Lopo



12 X A N E I R O D O 2 0 0 6 - N Ú M E R O 6 0 2

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



ANIVERSARIOS 2006



Moeda de Noruega que conmemora o centenario da morte do dramaturgo Henrik Ibsen

2006: Un catálogo de aniversarios




A medida que a Cultura segue as regulacións do mercado e, ao mesmo tempo, se converte na relixión do santoral europeo –tras os excesos das místicas tradicionais–, a sociedade foise convertendo no escenario onde, cada ano, se suceden centenarios, aniversarios e recordarios, todos eles animadores dun certo estrés administrativo que, en contrapartida, permiten recuperar a memoria de moitas das figuras que fixeron do ser humano un froito do humanismo. Se en Galicia temos xa a experiencia veterana do Día das Letras Galegas, outros países descubriron ultimamente os festexos do seu parnaso cultural, capaces de artellar multitudinarios acontecementos e espectáculos que mobilizan centos de creadores. Este 2006 non vai ser unha excepción, máis aínda: promete converterse no molde dunha tendencia en auxe. Os 250 anos do nacemento de Mozart, o 70 aniversario da guerra civil española, o centenario da Real Academia Galega ou os cen anos que o onte –viviño e coleando– celebrou Albert Hoffman –o pai do mítico LSD– son só algunhas mostras do catálogo que nos espera.

Calendario repleto


rdL | 3
Galicia Hoxe 12/01/06

Xa antes de comezar este 2006, Austria ou Galicia apuraban o calendario para anunciar algúns dos eventos que lembrarán centenarios, aniversarios e efemérides. O de Austria e Galicia non é unha elección casual porque, precisamente, en Galicia presentouse o que é, de feito, a gran celebración do ano en todo o mundo: o 250 aniversario do nacemento de **Mozart**, estrela do parnaso austríaco e... e tamén do universo musical galego, pois Galicia é a sede do famoso Festival Mozart, único polas súas características no mundo. A Coruña, onde ten lugar o festival, aínda non fixo público o programa especial da efeméride, pero Austria difundiu por todo o mundo o despregamento musical preparado. Incluso, artellaron un festival mediático arredor da autenticidade do presunto cranio de Mozart, conservado desde 1902 pola Fundación Mozarteum de Salzburgo. E despois de tensións e retransmisión en directo das investigacións, resultou que as probas de ADN realizadas co cranio non aclaron o intrínquilis, pois atoparon que o ADN do compositor no seu presunto cranio non coincidía co ADN dos presuntos restos da súa sobriña Jeanette –exhumados ex profeso para a proba– nin cos tamén presuntos restos da súa avoa materna, Euphrosina Pertl. Por non coincidir, nin sequera coincidía o ADN de Jeanette cos de Euphrosina nin o destas co ADN duns cabelos que supostamente pertenceron a Mozart. E, por suposto, o ADN dos presuntos cabelos cos do presunto cranio. Total, o circo acabou con cinco probas de ADN de resultados distintos entre si, pero todo o mundo –grazas á ampla cobertura dos medios– sabía xa que Mozart celebraba o seu 250 cumpreanos.

Con menos entusiasmo e maiores polémicas celebra Austria outra grande efeméride: o 150 cumpreanos de **Sigmund Freud**. E é que o aniversario do pai da psicoanálise pon a Austria –con tantas contradicións históricas– no diván e saca á superficie a súa relación de amor-odio cun dos seus científicos máis ilustres e con parte do seu pasado máis próximo. "Freud (1856-1939) non naceu en Austria, foi expulsado de Austria, e non morreu en Austria. Non temos ningún dereito a describilo como un heroe austríaco", asegurou na recente presentación dos actos de homenaxe Emil Brix, director da sección de cultura do Ministerio de Exteriores. Freud, médico e neurólogo xudeu –o seu nome antes de o cambiar era Sigismund Schlomo Freud– naceu en Pribor (a antiga Freiberg, hoxe na República Checa) e morreu en Londres en 1939 tras fuxir coa súa filla Anna da ocupación nazi de Austria, deixando atrás catro irmás que foron aniquiladas en campos de concentración. A Viena que coñeceu Freud e onde comezou a dar que falar cos seus *Estudos sobre a Histeria* en 1893, era a terceira cidade máis grande de Europa, tras Londres e París, e mostraba un fulgor intelectual e artístico sen parangón, que para moitos especialistas supón a eclosión da modernidade.



Arriba, o célebre cranio de Mozart. No centro, Sigmund Freud, polémico nas celebracións austríacas. Abaixo, sesión da Real Academia Galega en Mondariz, no ano 1920



Arriba, Manuel Lugrís Freire, ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. No centro, dúas fotografías vencelladas á guerra civil: unha mostra sobre creadoras republicanas e as excavacións en Cortapezas para atopar os restos dun dos "paseados" durante a contenda. Abaixo, García Lorca, fusilado en 1936

En Galicia, a máis importante celebración do 2006 tampouco estará exenta de polémica, porque o igual do que ocorre con Freud en Austria, o **Ano da Memoria** propón lembrar o 70 aniversario da Guerra Civil, o feito máis traumático da historia recente do país. Ciclos de cine, exposicións, congresos ou actividades interdisciplinares marcarán a efeméride, en boa parte organizados pola Consellería de Cultura, principal impulsora desta revisión que permitirá redescubrir –dunha vez por todas– a parte máis escura do noso pasado. O Día das Letras Galegas do 2005 dedicado a Lorenzo Varela, a exposición retrospectiva de **Ánxel Casal** en Compostela ou o comezo das escavacións para recuperar os cadáveres esquecidos dos paseados nos primeiros meses da guerra e durante a ditadura de Franco, serviron un pouco de preparación para o programa que agora se abre, deostado en parte polo Partido Popular, máis partidario de deixar as cousas como están e non desenterrar as pantasma. Para outros, porén, cómpre, precisamente, desenterrar esas pantasma para que nunca volvan aparecer... Pero as veas abertas pola guerra civil e os longos anos da ditadura franquista non deixan de manar e, ao parecer, os máis preocupados pola análise son os vencedores da contenda...

E ao remol do Ano da Memoria, o 2006 descobre a nómina interminable das vítimas do golpe de estado de 1936: desde o propio Ánxel Casal a **Federico García Lorca**, fusilado cerca da súa amada Granada por ser homosexual e roxo. Canda eles, moitos máis, sombras que reclaman agora os seus nomes para cumprir o compromiso da xustiza histórica. E ao seu carón, o mago don **Ramón del Valle-Inclán**, o dramaturgo que máis viravoltas lle deu ao teatro español no pasado século, un galego errante e aventureiro que en xaneiro de 1936, veu morrer a Compostela e cuxo enterro se converteu nun dos acontecementos máis multitudinarios e convulsos da historia da cidade. As celebracións deste aniversario aínda non foron detalladas pero a vontade da Consellería de Cultura é converter a don Ramón na figura plenamente galega que sempre foi.

En Galicia, a outra gran protagonista do repleto almanaque que nos deixa o 2006 será a **Real Academia Galega (RAG)**, fundada hai cen anos na Habana, a cidade do alén mar onde o galeguismo cimentou os seus alicerces. A RAG, con Xosé Ramón Barreiro na presidencia, chega a este centenario con certo aire de prestixio social que contrasta coa morneza da súa historia nos anos do franquismo e a transición. Chega tamén coa previsión de desenvolver un programa que a achegue máis á sociedade, dentro dunha campaña que tamén debería servir para apontoar a política lingüística no ámbito cidadán. Para este especialísimo aniversario, os académicos elixiron para o Día das Letras Galegas a **Manuel Lugrís Freire**, presidente da institución nos difíciles anos de 1934-35 e un dos seus fundadores. Fudador de revistas, autor de libros de versos como *Soidades*, autor dunha *Gramática da Lingua Galega* –a primeira escrita en galego–, impulsor de formacións políticas como a Federación Republicana Galega ou redactor dos estatutos do Partido Galeguista, Lugrís Freire é sobre todo un autor de comedias, tanto en prosa como en verso. Este ano servirá para recuperar o seu perfil, tamén perdido no tesouro oculto dos "devanceiros".

Por centenarios que non sexa: neste 2006 cúmprense o do historiador **Xesús Ferro Couselo** (Cordeiro 1906-Ourense 1975) e o do escritor **Augusto María Casas Blanco** (Ourense 1906-Barcelona, 1973), irmán do polémico Álvaro de las Casas. Augusto é un dos poetas máis prolíficos da xeración do 22, influenciado por Amado Carballo. O seu libro de debut *O vento segrel*

abriulle as portas do parnaso literario galego, aínda que a valoración da súa poesía ía progresivamente minguando en paralelo ao abandono do imaxinismo que cultivara ao primeiro da súa traxectoria polo saudosismo último.

En Galicia, tamén lembraremos ao periodista republicano **Roberto Blanco Torres**, atopado morto unha mañanciña de 1936 cerca de Entrimo. Tiña 45 anos.


Un aniversario singular é o que cumpre o poeta **Lois Pereiro** (Monforte 1958-A Coruña, 1996), dez anos que agrandaron a súa lenda até convertelo nun dos nomes xa case imprescindibles da Literatura galega dos oitenta e dos noventa do pasado século. O autor de *Poesía de amor e enfermidade* (1985) ou de *Poemas* (1992) simboliza a traxectoria do outsider, da periferia afastada do canon que, en vida, só lle serviría para permanecer en terreos marxinais do canon poético do país, máis centrado naquelas décadas na tensión entre cultistas e sociais ou entre as escolas de Vigo e a Coruña. A esta última estaría vencellado Pereiro a través do colectivo *De amor e desamor*, xunto a homes como Manolo Rivas, co que compartiría inquedanzas e experiencias como a revista *Loia* –creada en Madrid cando ambos estudaban periodismo– ou como *Luzes de Galiza*, onde publicou os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa *Náufragos do paraíso*. O seu décimo cabodano pode ser unha boa oportunidade para esculcar o labirinto poético no que, a pesar do seu recoñecemento xeral, se atopa a poesía deste autor tan fascinante como incisivo, herdeiro da mellor Rosalía e do máis ouveante da xeración Beat.


Na ronda galega, tampouco se poden esquecer os vinte anos que hai des que calou a voz de **Pucho Boedo**, unha desas figuras da canción galega que as últimas xeracións recuperaron como expoñentes dunha semente non sempre ben comprendida.

Italia ten o seu centenario especial na figura do director cinematográfico **Luchino Visconti**, autor da versión de *Morte en Venecia*. Pouco despois de que as súas cinzas foran trasladadas á illa de Ischia, na baía de Nápoles, ao xardín da residencia onde o director quixera sempre repousar, Italia débátese entre impulsar a fundación que se creou nesa residencia –La Colombaia– como reclamaron recentemente distintos intelectuais –entre eles Darío Fo– e organizarlle o programa que este carismático director merece, con pezas como *O Gatopardo* ou *Rocco e os seus irmáns* que figuran entre as máis acalmadas da historia do cine italiano..

Noruega tamén se prepara este ano para celebrar o centenario da morte do dramaturgo **Henrik Ibsen**. Os actos que comezan este venres no Concello de Oslo coa asistencia de actrices como Liv Ullmann, Vanessa Redgrave ou Isabelle Huppert. No mesmo salón onde se entrega o premio Nobel da paz, consagrados artistas de todo o mundo representarán distintos apartes de obras do dramaturgo noruegués, considerado como o pai do teatro moderno. Músicos da Ópera de Pequín tocarán *Hedda Gabler*, bailaríns de ballet danzarán un *Peer Gynt* con coreografía de John Neumeier e sons de Alfred Schnittke, e artistas como Taarab de Zanzibar cantarán versións musicais doutras obras de Ibsen. "Ibsen desprende á vida dos seus segredos", dixo o escritor irlandés James Joyce unha vez, a propósito do noruegués, sobre quen tamén expresou que poucas "persoas contemporáneas gozaron de tanta influencia no mundo intelectual".

Na cidade costeira de Berxen, o director español Calixto Bieito estreará unha versión do drama lírico romántico *Peer Gynt* do 25 ó 30 de maio, con actores do teatro Romea de Barcelona, música española e diálogos en lingua catalá. O provocativo Bieito creou furor en Berlín hai pouco cunha peculiar representación do *Rapto do Serrallo* de Mozart con mulleres espidas, prostitutas, masturbacións e penes como elementos ornamentais.





Arriba, o dramaturgo irlandés Samuel Beckett. No centro, a escultura de Henry Moore roubada en Londres. Abaixo, o enxeñeiro Isambard Kingdom

En Holanda, a celebrade do calendario será o pintor **Rembrandt**, do que se cumpren catrocentos anos do seu nacemento. En Leiden, a cidade na que naceu, deuse o disparo de saída coa inauguración dunha exposición centrada na nai. Nela, suxírese a pregunta de se a figura da muller de cara enrugada de numerosos cadros de Rembrandt era realmente a súa nai. Este mito foi mantido por numerosos estudosos do artista, pero nunca foi demostrado. E aínda despois de visitar a exposición, soamente se poderá afirmar que "moi probablemente" esa muller, unha das modelos máis coñecidas da historia da pintura, sexa a nai de Rembrandt, Neeltgen van Zuytbrouck. En total, o Ano Rembrandt comprende nada máis e nada menos que 24 exposicións, repartidas en Leiden (Lakenhal), Ámsterdam (Rijksmuseum, Casa-Taller de Rembrandt) e A Haia (Mauritshuis). O broche de ouro pono a partir de xullo do 2006 –e ata febreiro do 2007– a estrea dun musical sobre a vida do artista, unha homenaxe ó mestre da luz.

En Irlanda, as celebracións centranse no centenario do dramaturgo **Samuel Beckett**, unha das figuras clave da escena contemporánea con pezas como *A esperar por Godot*, representada en Galicia xa en distintas ocasións. Aínda sen ter o rango popular que o novelista James Joyce ten na illa, Beckett achega o carisma e poderío de ser "o pai do absurdo", unha vertente teatral que creará unha longa e prolífica escola en todo o mundo. A mensaxe da súa obra suxírese sobre a coordenada de que o transcurso da vida humana –na gran maioría– é aburrimiento, nunha porcentaxe menor é sufrimento e só unha minoría vive o pracer e o amor, de forma tan insólita e infrecuente que algúns seres nunca chegan a coñecelo. Con estas presentacións forxa Beckett a súa concepción de antiheroe e o absurdo cósmico que rodean o ser humano e a vaidade das cousas. O dramaturgo irlandés sempre rexeitou as grandes homenaxes e buscou para todos os actos da súa vida a "máis estrita intimidade". Demostrouno nun acontecemento tan importante como a concesión do Nobel: non foi a recibilo e a súa contía repartiuna anonimamente entre persoas necesitadas.

Na Gran Bretaña, as celebracións repártense entre o bicentenario de **Isambard Kingdom Brunel** –o máis importante enxeñeiro da Inglaterra vitoriana, construtor de ferrocarrís, pontes, túneles e buques que causan hoxe aínda xeral admiración– e os 25 que pasaron des que morreu o escultor **Henry Moore**, un dos magos da plástica do século pasado. Brunel non só soubo resolver os máis difíciles problemas de enxeñería coa súa habilidade, a súa capacidade de cálculo e o sentido práctico, senón que era tamén no fondo un artista, como demostran os coidados deseños dalgunhas das súas obras mestras. Aínda que os seus proxectos de enxeñería eran radicais e futuristas, mostrou sempre neles unha paixón ornamental e unha afección a combinar estilos históricos, típico do eclecticismo da Rexencia.

Henry Moore, pola súa banda, foi un escultor visionario que se filiou nos anos trinta ao surrealismo, principio dunha traxectoria que o convertería nun dos escultores máis universalmente recoñecidos. Para adubiar o aniversario, Moore regresou recentemente ás primeiras páxinas dos xornais cando uns descoñecidos roubaron unha xigantesca escultura súa do parque da Fundación que leva o seu nome cerca de Londres. A obra, titulada *A reclining figure* (Unha figura deitada), ten uns 3,5 metros de lonxitude e pesa... ¡2,1 toneladas! O máis sorprendente é que a Policía ten unha sospeita, e a sospeita non pode ser máis chocante: que os ladróns cometesen o roubo –gravado polas cámaras de seguridade da fundación–, non pola obra en si senón polo valor do seu bronce.

O mundo do cine vive dous centenarios gloriosos: o do mestre **Billy Wilder** e o do rexo **John Huston**. Wilder naceu en 1906 en Galicia, pero na Galicia polaca e morreu nos Ánxeles (California) no 2002. Iniciou a súa traxectoria na Alemaña pero Hitler truncoulle a carreira e Wilder, xudío, tivo que refurxiarse en Francia como paso previo cara a Estados Unidos, onde desenvolvería unha traxectoria escintilante, con títulos como *Perdición* –considerada a primeira película de serie negra cuxo argumento serviu de guía para multitude de filmes posteriores– *Días sen pegada*, *A caída dos deuses*, *A tentación vive arriba*, *Con saias e a rachar*, *Un, dous, tres* ou *Fedora*. Na base de todas as súas comedias encóntrase unha dura crítica ó sistema, a ese modo de vida americano coñecido como “way of life”, ó que ataca por medio dunha fina ironía non exenta de sarcasmo. Na creación desta forma de facer comedia tivo moito que ver a súa habitual colaboración co guionista I. A. Diamond, quen compartía con el unha crítica visión do mundo e os seus personaxes.

John Huston é tamén unha figura lendaria. Fillo do actor Walter Huston e pai de Anjelica Huston, John sentou a súa fama con *O falcón maltés* e continuou cunha carreira cinematográfica ininterrompida en títulos como *O tesouro de Serra Nai*, *A xungla do asfalto*, *A raíña de África*, *Cayo Largo*, *Moby Dick*, *A noite da Iguana*, *Vidas rebeldes* ou *A honra dos Prizzi*. Un palmarés longo que demostra o incansable traballo deste home nacido no Gran Sur dos Estados Unidos e convertido hoxe nun referente dun estilo de narrar netamente americano.

Non serán só os mortos os que poden celebrar neste 2006 o seu centenario, pois hai celebridades aínda vivas que van desfrutar do aniversario. Un deles, probablemente o máis fascinante, é o químico suízo **Albert Hofmann**, descubridor da droga coñecida como LSD (Dietilamida do Acido Lisérxico), que onte cumpriu cen anos. Para celebralo, participou nun coloquio internacional onde se analizaron os efectos do uso desa substancia. O LSD é unha droga con efectos alucinóxicos e foi a máis consumida dentro do movemento hippie dos anos sesenta, tras o cal quedou prohibida e os seus adeptos diminuíron. En declaracións á prensa helvética, o químico confesou que non lle sorprende que, a pesar de ter feito outros descubrimentos, entrase á historia unicamente como “señor LSD”, pois considera que “se trata dun produto moi especial que actúa sobre a consciencia, que é á fin e ó cabo, o que nos distingue dos animais”. Lembra que baixo o LSD, “vemos, oímos e sentimos de maneira diferente, intensa, aínda que se trate dunha dose ínfima”. Esta droga induce a estados alterados de conciencia, que algúns comparan cos da esquizofrenia, mentres outros prefiren falar de “experiencia mística”.


Outro que poderá celebrar o seu centenario é o escritor español **Francisco Ayala**, que o 16 de marzo cumpre o século de vida. Para celebralo, organizouse un completo programa de actividades, ás que lle serviron de prólogo a publicación dun libro con ensaios e artigos sobre a súa obra. Hai uns días, nunha entrevista, Ayala aseguraba que a razón da súa lonxevidade está nos xenes, pero tamén “na miña incansable curiosidade”. Especialmente crítico coa ditadura de Franco e coa crispación política que caracteriza a política española recente, o escritor dreixa para a historia da literatura títulos como *Los usurpadores*, *La cabeza del cordero*, *Historia de macacos*, *Muertes de perro* o *El jardín de las malicias*.

E a piques estivo un intelectual galego de poder unirse ao grupo, Lois Tobío, que morreu no 2003, en vésperas do seu centenario. Tobío –fundador do Seminario de Estudos Galegos e membro do Partido Galeguista– foi un dos nosos exiliados e deixou, ademais dunha portentosa autobiografía, traducións ao galego obras de Goethe, Heller e Rilke. A el tamén o homenaxeamos hoxe.

S. Noia e Antón Lopo



Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.



19 X A N E I R O D O 2 0 0 6 - N Ú M E R O 6 0 3

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



OS ALIMENTOS TERRESTRES
André Gide



Gide e ‘Os alimentos terrestres’

“Todas as cousas xa foron ditas, pero como ninguén escoita cómpre comezar de novo”. Esta frase de André Gide dá a perspectiva dun escritor que viviu na contradición continua, entre o hedonismo e o fervor crente, entre o diletante e o traballador incansable. Casado coa súa curmá Madeleine, con quen nunca chegaría a consumir o matrimonio, pai dunha filla, Catherine, que tivo fóra do matrimonio –coa filla da súa mellor amiga–, Gide publicou a súa primeira obra, ‘Os cadernos’, en 1891, á que seguiron multitude de obras de toda caste de xéneros. “Os alimentos terrestres” que hoxe publica Revista das Letras por primeira vez en galego –con tradución de Suso Pensado– é unha colección de escritos dirixidos a Nathanaël, personaxe ficticio. O libro convértese deste xeito nunhas exhortacións encamiñadas a conseguir a liberación do sentimento cristián do pecado. A obra constitúe, xa que logo, un reivindicación da liberdade persoal fronte a toda disciplina moral derivada da anulación da capacidade de decisión individual.

André Gide e o seu himno de entrega á vida

Suso Pensado

Chamado a ser un dos libros máis famosos e quizais o máis influente do século XX, o grande autor francés André Gide publica *Os alimentos terrestres* en maio de 1897. Comezado con forma de notas moi fragmentaria desde a viaxe liberadora por África en 1893-1894, este libro de “puro lirismo” foi curiosamente considerado como falto de composición, feito de retallos unidos artificialmente. É certo que se trata dunha obra heteroxénea e moi vairada tonal e formalmente, pero cunha estrutura interna moi nítida que busca expresar a explosión


do desexo de vida que lla inspirara. A mestura contén rasgos propios dos tons propios do diario íntimo ou do relato xunto con poemas que mostran unha marcada inclinación ao versículo e a certa contención lírica –propia doutros poetas da mesma época, como o seu amigo Paul Valéry–. Esta variedade pode resultar desconcertante e moito máis no propio Gide, para quen a coherencia formal dos seus escritos era unha preocupación constante. Pero desconcertar e abrir novas expectativas é, debe ser, unha das funcións da literatura.

Nin novela, nin ensaio, nin longo poema en prosa, esta obra inclasificable é un pouco todo iso á vez. Nos oito libros que a compoñen, o narrador-autor diríxese a alguén que responde ao nome bíblico de Nathanaël. Máis adiante abandona ese nome e diríxese directamente ao lector en segunda persoa. Á vez didáctico e lírico, este libro mestura os xéneros e varía as voces para convencer e emocionar ao destinatario, para facerlle sentir o amor pola vida, polos sentidos e pola “sede” do desexo, compoñendo un auténtico himno á vida, eufórico e fervente. Tamén encontramos nesta obra confidencias, páxinas dedicadas a África, a Italia, a Granada, a Normandía, que parecen extraídas dun diario de

viaxes, meditacións poéticas sobre temas diversos, como a espera, as fontes, as cidades, enchendo o libro de recendos diferentes.

Os alimentos terrestres foron recibidos como unha provocación, ao contrarrestar a moral cristiá que recibira o autor nunha estrita educación infantil. Paradoxalmente, esta obra defende didacticamente a “desinstrución” e predica de entrada a súa propia destrución: “Nathanaël, debes queimar en ti todos os libros”. Fronte ao academicismo da época esta destrución libresca,

a amoralidade que proclamaba e a súa propia estrutura, despertaron as críticas dun sector da cultura, sobre todo cando comezou a converterse en biblia de toda unha xeración. Na reimpresión de 1927 o propio autor sentiu a necesidade de escribir un limiar para xustificar e defender un libro que estaba adquirindo demasiada importancia e que os críticos se empeñaban en tomalo como epicentro de toda a creación literaria de André Gide. O autor non vía con bos ollos tal interpretación dunha obra de xuventude e quixo aclarar as motivacións que o empuxaron a escribir *Os*



alimentos terrestres:

É costume que se me peche neste manual de evasión, de liberación. Aproveito esta reimpresión para presentar aos novos lectores algunhas reflexións, que permitirán reducir a súa importancia, situándoo e motivándoo dunha maneira máis precisa.

1º Os Alimentos terrestres son o libro, senón dun enfermo, ao menos dun convalecente, de alguén curado – de alguén que estivo enfermo. Dáse, no seu mesmo lirismo, o exceso de quen apreixa a vida como algo que estivo a piques de perder.

2º Escribía este libro nun momento no que a literatura ulía furiosamente a artificial e a pechado; no que me parecía urxente conseguir que

tocase de novo a terra e pousar simplemente sobre o chan un pé descalzo.

A súa falta de éxito demostra ata que punto este libro chocaba co gusto da época. Ningún crítico falou del. En dez anos, vendéronse nada máis que cincocentos exemplares.

3º Escribía este libro no momento que, polo matrimonio, acababa de asentir a miña vida; no que alienaba voluntariamente unha liberdade que o meu libro, obra de arte, reivindicaba enseguida con moita máis ansia. E non é necesario dicir que ao escribilo eu era perfectamente sincero; pero sincero tamén na desmentida do meu corazón.

4º Engado que pretendía non determe neste libro. Captaba os rasgos dese estado flotante e dispoñible que describía, como un novelista capta os dun personaxe que se lle parece, pero que está inventando; e seméllame incluso que hoxe fixaba estes rasgos afastándoos de min, por así dicilo, ou se se prefire, afastándome eu deles.

5º Son xulgado a miúdo a partir deste libro de xuventude, como se a ética dos 'Alimentos' fose a mesma de toda a miña vida, como se, eu o primeiro, non seguise o consello que dou ó meu lector: "tira o meu libro e déixame". Eu abandonei enseguida o que era cando escribía 'Os Alimentos'; ata o punto que se examino a miña vida, o rasgo dominante que destaco nela, lonxe de ser a inconstancia, é ao contrario a fidelidade. Esta fidelidade profunda do corazón e do pensamento, penso que é infinitamente rara. Quixera que me dixeran os nomes daqueles que, diante da morte, poden ver cumprido o que se propuxeran cumprir, e eu ocuparei o meu lugar ao seu carón.

6º Unha palabra máis: Algúns só saben ver neste libro, ou só consinten ver unha glorificación do desexo e dos instintos. Paréceme que é unha

interpretación algo curta. Para min, cando o abro de novo, é máis ben unha apoloxía da desposesión o que vexo nel. É o que me quedou del, deixando o demais, e precisamente a iso sigo sendo fiel. E por isto tiven que regresar, como contarei máis tarde, á doutrina do Evanxeo, para encontrar no esquecemento dun mesmo a realización máis perfecta, a máis alta esixencia, e o máis ilimitado permiso de felicidade.

"Que o meu libro che ensine a interesarte máis por ti que por el mesmo, e por todo o resto máis que por ti." Velaquí o que podías ler xa no prefacio e nas derradeiras palabras dos 'Alimentos'. Por que obrigarme a repetilas?

Autor dunha obra variada e moi coidada, premio Nobel en 1947, é difícil destacar uns libros sobre os demais, agás o seus 'Diarios', a obra da súa vida, ata o punto de que outras creacións estaban incluídas neles. Por gusto persoal, recomendaría eu, ademais de 'Os alimentos terrestres', 'A Sinfonía Pastoral', traducida ao galego por Leandro García Bugarín e publicado en Edicións Xerais en 1990; ou 'Isabelle'; ou 'Si le grain ne meurt', onde narra entre outras moitas cousas as súas aventuras con Oscar Wilde na África árabe; ou L', que supón a aceptación do seu ser pouco despois do matrimonio; ou ben La Porte Etroite. Tamén está publicada unha abundante correspondencia cos escritores máis importantes do seu tempo en Francia, e mesmo obras sobre

Dostoievski ou Montaigne. En fin, un autor de gran variedade que nunca decepcionará a quen se achegue á súa obra e lea con vagar, como a el lle gustaba ler, os seus libros, mostras sempre de alta literatura.



Os alimentos terrestres

Estes son os froitos dos que nos alimentamos na Terra
O Corán, 2,23

LIBRO TERCEIRO

Nesta fonte... (penumbra)... cada gota, cada raio, cada ser morría voluptuosamente.

Voluptuosidade! Esta palabra, quixera repetila sen cesar; quixéaa sinónimo de *benestar*, mesmo de *estar*, de *ser*, simplemente.

Ah! que Deus non creara o mundo pensando simplemente nisto, é o que só se consegue comprender cando se di... etc.

É un lugar de frescor exquisito, onde o encanto de durmir é tan grande que parecía ata entón descoñecido. E alí, uns alimentos deliciosos agardaban a nosa fame.

Adriático (3 da mañá)

Importúname o canto deses mariñeiros nas cordaxes.

Oh! Se ti souberas, se ti souberas, terra excesivamente vella e tan nova, o sabor amargo e doce, o sabor delicioso que ten a vida tan breve do home!

Se souberas, eterna idea da aparencia, o valor que a próxima espera da morte dá ao instante!

Oh primavera! As plantas que só viven un ano apresuran máis as súas fráxiles flores. O home só ten unha primavera na vida e o recordo dunha antiga alegría non o achega de novo á felicidade.

Alto de Fiésola

Fermosa Florencia, vila de estudo grave, de luxo e de flores; sería, sobre todo; grao de mirto e coroa de "esvelto lauro".

Alto de Vincigliata. Alí vin por vez primeira as nubes, no azul, disolverse; sorprendeume moito ao non pensar que puideran disiparse no ceo, ao crer que duraban ata a chuvia, que só podían aumentar. Pero non: observei como todas as formas desaparecían unha a unha; xa só quedaba o azul. Era unha morte marabillosa; un esvaecemento en pleno ceo.

Roma, Monte Pincio

O que espertou o meu gozo ese día, foi algo como o amor e non era amor ou cando menos non ese do que falan e buscan os homes.- Tampouco era o sentimento

da beleza. Non viña dunha muller; tampouco viña do meu pensamento. Escribirei, e ti comprenderasme, se digo que só foi a simple exaltación da LUZ?

Estaba sentado nese xardín; non vía o sol; pero o aire brillaba con luz difusa como se o azul do ceo se volvea líquido e chovese. Si, había realmente ondas, remuíños de luz; sobre o lique, faíscas como gotas; si, nesta gran alameda diríase realmente que a luz fluía, e unhas escumas douradas ficaban no vértice das pólas entre ese resplandor de raios.

.....

Nápoles; pequena barbería ante o mar e o sol. Peiraos de calor; toldos que se erguen para entrar. Entrega ao abandono. Vai durar isto moito tempo? Quietude. Gotas de suor nas tempas. Estremecemento da espuma de xabrón sobre as meixelas. E el afina despois de afeitar, afeita aínda cunha coitela máis hábil axudándose agora cunha pequena esponxa empapada de auga morna, que abranda a pel, levanta o labio. Despois, cunha suave auga perfumada, lava a irritación deixada; despois, cun bálsamo, séguela calmando. E para non moverme aínda, deixo que me corte o pelo.

Amalfi (na noite)

Hai esperas nocturnas
dun amor que aínda non se sabe.

Pequeno cuarto sobre o mar; espertoume a excesiva claridade da lúa, da lúa sobre o mar.

Cando me acheguei á xanela, pensaba que era a alba e que ía ver o sol erguerse... Pero non... (cousa xa plena e perfectamente cumprida) -A LÚA- suave, suave, suave como para acoller a Helena no segundo Fausto. Mar deserto. Aldea morta. Oubea un can na noite... farrapos nas xanelas.

Non hai lugar para o home. Imposible entender cómo vai espertar todo iso. Desolación excesiva do can. O día xa non sucederá. Imposible durmir. Farás... (isto ou aquilo):

sairás ao xardín deserto?

baixarás á praia, bañarte?

irás coller laranxas, que semellan grises baixo a
lúa?

consolarás ao can cun agarimo?

(Tantas veces sentín a natureza reclamar de min un xesto, e eu non souben cal darlle.)

Agardar o sono que non vai vir...

*

Seguiume un neno nese xardín rodeado de muros agarrándose á póla que rozaba a escaleira. A escaleira levaba a unhas terrazas ao longo do xardín; parecía que non podíamos entrar.

Oh pequena figura que acariñei baixo as follas! Nunca sombra bastante poderá velar o teu fulgor, e a sombra dos teus rizos sobre a fronte parece aínda máis escura.

Baixarei a ese xardín, pendurándome ás lianas e ás pólas, e chorarei de tenrura neses xardíns con máis cantos que nunha paxareira ata a chegada do serán, ata o anuncio da noite que dourará e despois fará máis fonda a auga misteriosa das fontes.

*E os corpos delicados unidos baixo os ramos.
Cun dedo delicado toquei a súa pel nacarada.
Eu vía os seus pés delicados
andando sen ruído sobre a area.*

Siracusa

Barca sen quilla; ceo baixo, que ás veces descendía ata nós en chuvia morna; olor a limo de plantas acuáticas, roce dos talos.

A fondura da auga disimula o abrollo abundante deste manancial azul. Ningún ruído; É, neste campo solitario, neste estanque natural ensanchado, como unha eclosión de auga entre os papiros.

Tunisia

En todo o azul, só o branco necesario para unha vela, o verde para a súa sombra na auga.

A noite. Aneis que brillan na sombra.

Luas nos que andar errante. Pensamentos distintos aos do día.

Luar nefasto no deserto. Os demos rondan nos cemiterios. Os pés descalzos sobre as lousas azuis.

Malta

Embriaguez extraordinaria dos solpores do verán sobre as prazas, cando aínda é día, pero xa sen sombras. Exaltación moi especial.

Contareiche, Nathanaël, os xardíns máis fermosos que teño vistos:

En Florencia vendíanse rosas: algúns días toda a cidade recendía. Eu paseaba cada noite nos Cascines e os domingos nos xardíns Boboli sen flores.

Hai en Sevilla, preto da Xiralda, un antigo patio de mesquita; as laranxeiras medran simétricas; o resto do patio está enlousado; os días de gran calor, só hai unha pequena sombra reducida; é un patio cadrado, rodeado de muros, dunha gran beleza, non sei explicarche por que.

Fóra da cidade, nun enorme xardín pechado con reixas, medran moitas árbores dos países cálidos;

non entrei, pero mirei a través das reixas; vin correr galiñas pintadas e pensei que había alí moitos animais domésticos.

Que che diría do Alcázar? xardín de marabilla persa; creo, ao falarche, que o prefiro a todos os demais. Penso nel, cando releo a Hafiz:

*Aportádeme viño
que manche a miña roupa,
porque tremo de amor
e todos me chaman sabio.*

Hai preparadas unhas fantasías de auga nos sendeiros, enlousados de mármore, bordeadas por mirtos e cipreses. Nas dúas beiras hai pías de mármore onde as amantes do rei se lavaban. Non se ven outras flores senón rosas, narcisos e flores de loureiro. Ao fondo do xardín, hai unha árbore xigantesca, onde un pode imaxinar, pousado, un reiseñor. Preto do palacio, outras fontes de moi mal gusto recordan ás dos patios da Residencia en Múnic, onde hai estatuas feitas enteiramente de cunchas.

Nos xardíns reais de Múnic fun probar, unha primavera, os xelados de herba de maio, preto dunha obstinada música militar. Un público pouco elegante, pero melómano. A noite encantábase con patéticos reiseñores. O seu canto languidecía, como o dun poema alemán. Hai unha certa intensidade de delicias que o home pode apenas rebasar, e non sen bágoas. As mesmas delicias deses xardíns facíanme pensar case dolorosamente que eu podería estar noutro lugar. Foi naquel verán cando aprendín a gozar con máis intensidade das *temperaturas*. As pálpebras están admirablemente concibidas para iso. Lembro que unha noite no vagón, pasei diante da xanela aberta, ocupado tan só en saborear o contacto do sopro máis fresco; pechaba os ollos, non para durmir, senón para iso. Durante o día a calor fora abafante e, aquela noite, o aire aínda morno parecía porén líquido e fresco para as miñas pálpebras incendiadas.

En Granada, as terrazas do Xeneralife, plantadas de adelfas, non estaban en flor cando as vin; nin o Campo Santo de Pisa; nin o pequeno claustro de San Marcos, que quixera cheo de rosas. Pero en Roma vin o Monte Pincio, na estación máis fermosa. Durante as tardes asfixiantes, víñase buscar frescor. Ao vivir perto, paseaba por alí cada día. Estaba enfermo e non podía pensar en nada; a natureza penetrábame; axudado por unha alteración dos nervios, ás veces xa non sentía límites ao meu corpo; continuaba máis lonxe; ou ás veces, voluptuosamente, volvíase poroso, fundente como azucre. Desde o banco de pedra no que estaba sentado, xa non se vía Roma, que me extenuaba; dominábanse os xardíns Borghèse, e o seu nivel máis baixo poñía á altura dos meus pasos os cumes un pouco lonxanos dos piñeiros máis altos. Oh, terrazas, terrazas nas que se alza o espazo! Oh, navegación aérea!...

Teríame gustado vagar na noite, polos xardíns Farnèse; pero a entrada está prohibida. Admirable vexetación sobre aquelas ruínas disimuladas.

En Nápoles, hai xardíns baixos que seguen o mar como un peirao e deixan entrar o sol;

en Nîmes, a Fontaine, chea de augas claras canalizadas;

en Montpellier, o xardín botánico. Lembro un serán que con Ambroise, como nos xardíns de Aca-

démus, nos que sentamos nunha tumba antiga, rodeada de cipreses; e falamos lentamente mascando pétalos de rosa.

Unha noite vimos, desde Peyrou, o mar ao lonxe arxentado pola lúa; ao noso carón baixaban as ferverzas das arcas de auga da cidade; uns cisnes negros e brancos nadaban no estanque tranquilo.

En Malta, fun ler aos xardíns do residente; había na Cità Vecchia un bosque moi pequeno de limoeiros; chamábano "il Boscheto": agradounos ese lugar; e mordemos limóns maduros, cun sabor primeiro dunha acidez intolerable, pero que deixa despois un aroma refrescante na boca. Igual que en Siracusa, nas crueis Latomías.

No parque da Haia circulan gamos nada salvaxes.

Desde o xardín de Avranches, vese o Monte Saint-Michel, e as areas ao lonxe, no serán, semellan unha materia inflamada; hai vilas moi pequenas que teñen uns xardíns encantadores; esquecemos a vila; esquecemos o seu nome; desexamos ver de novo o xardín, pero non sabemos volver.

Eu soño cos xardíns de Mosul, dixéronme que están cheos de rosas. Omar cantou os de Nashpur, e Hafin os xardíns de Shiraz; nunca veremos os xardíns de Nashpur.

Pero en Biskra coñezo os xardíns de Ouardi, onde uns nenos pastorean as cabras.

En Túnez, o único xardín é o cemiterio. En Alxer, no xardín de Essai (palmeiras de toda especie), comín froita que nunca vira antes. E de Blidah, Nathanaël, que che direi?

Ah, é suave a herba do Sahel; e as túas flores de laranxeiras! e as túas sombras! suaves os olores dos teus xardíns. Blidah, Blidah! pequena rosa! Coñecinte mal ao comezo do inverno. O teu bosque sagrado só tiña as follas que unha primavera non renova; e as túas glicinias e lianas parecían sarmentos para o lume. A neve caída das montañas achegábase a ti; non podía entrar en calor no meu cuarto e menos aínda nos teus xardíns chuviosos: Lía a *Doctrina da ciencia* de Fichte e volví a sentirme relixioso. Eu era dócil; dicía que había que resignarse á súa tristeza e intentaba convertela en virtude. Agora, sacudín o po das miñas sandalias; quen sabe onde o levou o vento? Po do deserto onde eu vaguei como un profeta; pedra árida de máis, pulverizada; ardente baixo os meus pés (pois o sol quentáraa moitísimo). Que descansen agora os meus pés na herba do Sahel! Que tódalas palabras sexan de amor!

Blidah, Blidah, flor do Sahel, pequena rosa! Eu vinte cálida e perfumada, chea de follas e de flores. Fuxira a neve do inverno. No xardín sagrado resplandecía misticamente a túa mezquita branca e a liana dobrábase coas súas flores. Unha oliveira desaparecía baixo as guirlandas que lle facía unha glicinia. O aire suave traía o perfume que se erguía das flores das laranxeiras e ata os fráxiles mandarinos perfumaban. No máis alto das súas altas pólas, os eucaliptos liberados deixaban caer a tona vella; pendía, protección gastada, como unha roupa que o sol fai inútil, como a miña vella moral que só valía para o inverno.

Blidah.

Os talos enormes do fiúncho (o brillo da súa floración de ouro verdecido, baixo a luz de ouro ou baixo as follas azulosas dos eucaliptos inmóbiles) esa

mañá do primeiro verán, polo camiño que seguíamos no Sahel, eran dun esplendor incomparable.

E os eucaliptos sorprendidos ou tranquilos.

Participación de cada cousa na natureza; imposible saír dela. Leis físicas envolventes. Vagón lanzándose na noite, que na mañá se cobre de resío.

A bordo.

Cantas noites, ventá redonda do meu camarote, claraboia pechada, -cantas noites te mirei, desde a liteira, dicíndome: cando branquee este ollo, será a alba; erguereime entón e sacudirei o meu malestar; e a alba lavará o mar; e abordaremos a terra descoñecida. A alba chegou sen que o mar se calmase, a terra estaba aínda lonxe e o meu pensamento abalaba sobre a faz móbil das augas.

Toda a carne recorda o malestar das ondas. Aferrarei un pensamento a esta cofa vacilante?, pensei. Bagoas, non verei nada máis que a auga dispersarse no vento do serán? Vou sementando o meu amor sobre a onda; meu pensamento sobre a planicie estéril das augas. O meu amor afúndese nas augas que se seguen e se semellan. Que pasan sen que o ollo as recoñeza. -Mar informe e sempre axitado; lonxe dos homes as túas ondas calan; nada se opón á súa fluidez; pero ninguén pode oír o seu silencio; na chalupa máis fráxil van batendo, e o seu ruído fainos crer que o temporal é ruidoso. As grandes ondas avanza e sucédense sen ningún ruído. Séguense e erguen cada unha a mesma gota de auga, sen desprazala apenas. Só se move a súa forma; a auga préstase e déixaas e nunca as acompaña. Toda forma toma só por un pequeno instante o mesmo ser; e continúa en cada ser, para despois deixalo. Alma miña! Non te ates a ningún pensamento. Lanza cada pensamento ao vento mareiro que cho leva; nunca o leves ti mesma ata os ceos.

Mobilidade das augas, por vós volveuse vacilante o meu pensamento! Non edifiques nada sobre a onda. Pois baixo o peso escapa.

Chegará o doce porto, despois destas derivas desazantes, de errar aquí e alá?, onde a miña alma, nun sólido espigón perto do faro, acougada por fin, contemple o mar.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto de portada: Yann Arthus-Bertrand



26 XANEIRO DO 2006 - NÚMERO 604

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



ORGASMOS



Dise que o orgasmo –palabra do grego: estar ateigado de ardor– é a culminación das sensacións pracenteiras. Esta amplitude de campo levou o término a un percorrido que vai da súa inicial vertente sexual a todo tipo de climax. Nunha sociedade como a actual, con continuos chamamentos a albiscar os límites –sexan gozosos ou dolorosos, os bélicos incluídos– do noso horizonte emocional, o orgasmo converteuse nun mito das relacións eróticas, dos deportes de alto risco, dos balances empresariais ou da comunión espiritual das multitudes e dos anacoretas. E cada vez máis, o orgasmo foise identificando cunha caste de posesión do poder, porque nunca como agora o poder tivo tantos usuarios nin o seu papel foi tan orgásmico. A pesar desta crecente presenza nas relacións, da abondosa literatura médica que nutriu ou das fantasías que encheu, o orgasmo a penas aparece descrito entre os nosos creadores, especialmente os literarios, probablemente lastrado neste ámbito pola súa proximidade a xéneros até agora tan deostados como a pornografía. Precisamente, Revista das Letras propúxolles a distintos escritores galegos que falasen del e, deste xeito, lle desen entrada ao ámbito literario. De todos eles, tedes aquí os que responderon, acompañados por algunhas das instantáneas que aparecen na páxina de internet beautifulagony.com, auténtica enciclopedia dese milagre que é a vida cando se nos avén o pracer.



(1)

O clímax da experiencia sexual caracterízase por sensacións extremadamente prazenteiras. Como resposta a unha estimulación mental, física –ou de ambos tipos– continuada, o nivel de excitación aumenta ata acadar unha meseta elevada. En determinado punto dese estadio dispáranse as respostas orgásmicas reflexas. Tanto no patrón básico da resposta masculina coma nos tres patróns típicos da muller, as primeiras fases caracterízanse por unha conxestión dos vasos sanguíneos dos xenitais. Esta resposta produce erección no pene do home e lubricación e inchazón vaxinal na muller. O orgasmo identifícase cunha serie de contraccións musculares rítmicas en ambos os sexos, no caso da muller, prodúcense nos músculos que rodean a vaxina. Tamén hai diferenzas de sexo típicas nos patróns temporais de resposta. As mulleres adoitan ser algo máis lentas ca os homes en acadar o orgasmo durante o coito e, como se ten sinalado, non presentan fase refractaria. Xeralmente as fases de aumento da excitación e de resolución son as máis longas do ciclo. A fase de meseta acostuma durar só algúns minutos, e o orgasmo xeralmente abrangue un minuto ou menos.

(2)

Fóllame outra vez con eses ollos de atormentada. Escorrega esvara polos brazos abaixo, déixate caer, déixate condenar, vida, miña vida, déixate caer, déixate perder, vida miña. Pagou a pena a dor do labirinto, a contumacia da desolación. Pagouna por só un segundo do meu salvaxe corazón á beira túa; polo minúsculo brillo da comisura dun ollo meu mentres me corro nos teus brazos; por unha única instantánea das túas veas en pleno fascíneo do amor. Méteme a lingua pola comisura da boca, preme cos teus beizos o meu van. Fóllame outra vez con eses ollos de trastornada. Esmaga coa túa a miña boca, linguas por fóra, ollada aberta. Miña flor, o meu i grego, a miña copa de veleño, acendeu unha ristra de pólvora escura diminuta e en canto se pensa xa non se escapa. Rito, froito, cripta. Somnámbula coma trens en desvarío. Métete na boca os meus dedos, de vagar. E logo pásamos por entre os labios. Todos os labios. E logo métemos dentro. Todos os dentros. Praia pola que trepamos esmoleiras e raíñas, dorna orquídea como ávida. Madrepérola. Contorsión. Fóllame outra vez con eses ollos de atormentada. Compásate como sabes. Fálame con toda a pel. E a enfermiza devoción do seu sexo. O seu arrebató. A súa atracción desesperada. O seu poder. Dona do escuro. Sagrario. Imán. Miña flor o meu i grego a miña copa de veneno. Chega coma un tambor, treboada terminal un terrible tremor un mudo estrondo. Rito, froito, cripta. Nada máis estremecedor. Nada máis prodixio.

[Yolanda Castaño]

*

Os signos son indiferentes pero soñan e se
aparean
a razón é menos veloz
do lado que fala acumulamos catástrofes

()

Naturalmente estamos no xardín, nunha
dimensión de cobertura e todas as artes que se
derivan da luz: as plásticas, as cintas fílmicas e
a carne son anteriores á voz [tan alta densidade
(de poboamento na linguaxe) por célula ao
cadrado], entón sería unha escritura composta
de significantes radicais: o tempo-significante,
Lucy: *Lucy in the sky with diamonds...*, así ata
vinte e catro, aínda que non habería cifras nin
posibilidade matemática de progresar. Teríamos
un texto descendido dos procesos lumínicos, os
telefilmes, o soño e a cópula. De contado tod*s
estaríamos non-vestidos, non-espídos e os nosos
nomes serían instantáneos cos suxeitos.

[Chus Pato]



rcl | 5
Galicia Hoxe 26/01/06

Obviou orgullo, orde, organización. Ofreceuse
orgánica e oral. Obrou oblícuo e ousada, ordenou
o orificio oxival coa obscena ortodoxia da orixe.
Obsequioulle a ortografía do oculto, os outeiros
do ourego, orografía óptima e ocular, sen
obstáculos. O outro, opoñente de oficio, ostentou
o obelisco, olfateou os óleos e obrigouse obcecado
e oftálmico. Oportuna e omnisciente, orou no oído
del coma ourive ou oráculo, oprimiulle a osamenta
e oscilou, obsesiva e obtusa, orientándose en
obstinadas ondas. Operou ocorrente e omnívora,
omnipresente e oval, ourizada de ósculos. Onerosa,
ocupou o osíxeno, esqueceu a onomástica,
obxectívou a ósmose e obnubilouse na orxía
orbital e olímpica. Ouleou, ouveou, orientou o
orgasmo ata a ovación opulenta e orquestral
da orbe e obtivo o ouropel do orballo orlado de
orquídeas nos oasis do onírico, no oco oceánico.
Logo observouno e ollouno oufano, ocioso, omiso,
orfo; opúsculo do ocaso.

[Francisco X. Fernández Naval]



Reciprocidades

A exaculación, como sabe ben calquera pornógrafo, non debe ser finxida. Ambos póñense implicitamente de acordo en que se trata do único fenómeno para o que semellante pretensión de autenticidade constitúe un imperativo moral. En todo o demais, o falso é mellor que o auténtico. Con todo, a pesar e quizais por mor desa insistencia na fidelidade das imaxes, ela non consegue evitar a sensación de que lle están dando gato por lebre: que ten que haber algo máis do que se mostra. Pode ver, unha tras outra, películas que parecen exactamente iguais e fantasear con ser testemuña da filmación, porque, como quen acode a un espectáculo de maxia —a carne é máis rápida que a vista—, necesita pescudar que lle están ocultando.

Aínda que segundo as películas ningún pracer parece xa prohibido nin merece o adorno da vergonza, existe porén un modo correcto de facelo, un guión preciso ao que cada quen debe adaptarse, regras de xogo coma se o amor non fose, por principio, un xogo sen regras ou, polo menos, non estivese sometido a regras caprichosas e continuamente mutables en lugar de a eses argumentos convencionais e repetitivos que lle impiden á muller comprender o rogo do home que acaba de coñecer nun bar, ese desexo que a ela lle parece fóra de lugar, sucio, repugnante e, posiblemente, revelador de tendencias homosexuais contra as que non ten nada pero preferiría que el fose practicar con outro do seu xénero, con alguén que dispuxese naturalmente do apéndice adecuado e non tivera que suxeitalo con correas, e por iso aparenta que non o escoitou e continúa co que lle parece máis que suficiente pra satisfacer a un home por completo. Ela considérase unha amante sen prexuizos. O certo é que a ela non lle importaría que a sodomizase, non sería a primeira vez e está segura de que é unha fantasía de moitos homes, aínda que nunca tomaría a iniciativa de ofrecérllelo. Se iso é o que quere, que llo pida. Á fin e ao cabo, en todas as películas pornográficas modernas forma parte da liturxia. Pero, en ningunha película que vira, a moza mételle nada ao mozo; supón que tales reciprocidades só suceden nas películas sadomasoquistas, e iso queda bastante máis aló de ata onde está interesada en experimentar.

G. Sierra

Nun intre feliz

A man dunha amiga colócame o vaso diante. O vaso é branco, a palla é branca.

Disque decontado mirarei unha luz que me cegará e que será branca. A morte ten a faciana pálida, logo. Achego a boca á palla para atrapala entre os beizos e empezo a chuchar. O líquido sabe amargo. A morte é branca e amarga.

Agora que fito a fin do tempo reparo en que a vida é unha longuíssima procesión de vagalumes que camiñan uns detrás doutros, na ringleira máis recta que nunca se conseguiu. Así, abeira os seus intres de luz branca e os seus intres de líquido escuro e amargo.

A miña ringleira vai rematando, polo que decido atender unicamente ás luces. E miro para atrás, para o principio. Albíscome coma neno, chuchando por unha palla.



Este líquido é doce. Estou nun intre de luz, bebendo un refresco nun bar que domina a praia. Miro alén. Entro na mar. A mamá

terma de min polas dúas mans e sorri mirando o meu camiñar de King Kong. Un instante luminoso. Máis atrás na ringleira estou chuchando un líquido. Tamén na praia, tamén é doce. Dou grolos dun biberón.


Son quen aínda de mirar case que nos primeiros vagalumes. Bocexo no ventre da mamá e trago, involuntariamente, un líquido amargo. Descoñezo que se chama líquido

amniótico e que estou no interior da mamá. Éme difícil mirar máis atrás na ringleira, pero, situando a ollada no comezo, sinto un berro lonxano. Os meus pais aparécense nun intre de luz branco que me cega. E pecho os ollos. Para sempre.

Jaureguizar

Só, por un instante, a beleza que nos mancara se fai parte de nós, estala expansiva, e foxe. Velaí van todos os planetas fagocitados pola espiral do desexo. Big bang e volta ao caos. O caos é todo o que non nos habita por máis que nós o habitemos. O bosque da nenez. Os ollos de quen amamos. A voz que nos turba. A música que nos leva. O mar do que vimos. O lume que nos fai quecer. O berro de Kalinka por un Volga de néboa... Todo conflúe naquel centro e deixa un estraño saíbo a froito doutro mundo.

[Marica Campo)



Orghasmatrix

[Xabier Cordal)



Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.

